

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Currás Valle, Consuelo  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Ruiz Hidalgo, Carmen

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel  
Castro Rodríguez, Alfonso  
Cid Vera, Luis Saúl  
Couto Cancela, Daniel  
Diz Folgar, Manuel  
Gil Hidalgo, Paula  
González López, Raquel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Vázquez Alonso, Aroa

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoán  
Estévez Orge, Marcos  
Mollinedo Lois, Carlos  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

### INVITADA

Gómez Suárez, Águeda

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de novembro de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 20 de novembro de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros membros do equipo de dirección asisten presencialmente no Paraninfo, xunto con tres representantes do alumnado que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*

- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondentes á sesión ordinaria do 18 de setembro de 2020.**

Non habéndose presentado alegacións á acta en tempo e forma, apróbase por asentimento.

**2. Informe do reitor**

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Houbo eleccións en varios centros. Na Escola de Enxeñaría Industrial non houbo candidatos/as, polo que segue Juan Pardo en funcións. Felicitamos a Emma Torres nova decana da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e a Juan Picos como novo director da Escola de Enxeñaría Forestal e desexámoslles os mellores éxitos.
- Nomeouse a Enrique José Varela novo decano en funcións da futura Facultade de Administración e Xestión Pública.
- Asinouse un convenio de I+D con PSA e os centros tecnolóxicos para a Industria 4.0
- Estase a traballar na creación dun centro interuniversitario CITMAGA (Centro de Investigación e Transferencia en Matemáticas de Galicia).
- Hai sentenza do IBI, relacionada coa ECIMAT.
- Celebrouse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais a apertura de curso conxunta das tres universidades. A seguinte vez tocaralle a Pontevedra. Aproveitamos para invitar ó presidente da Xunta de Galicia a coñecer as nosas medidas para facer fronte á COVID e a visitar a Aula Integra.
- Está en estudo unha modificación da páxina web.
- Está en preproducción o novo portal de investigación da Uvigo con dialnet. Pódese botar unha ollada: <https://uvigo.portalcientifico.es/>
- Celebráronse consellos de campus en Ourense e Pontevedra, coa intervención dos vicerreitores de Planificación e Sostibilidade e de Captación de alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.
- Na celebración do día da ciencia, a Real Academia Galega premiou a dous investigadores da Uvigo:
  - ✓ Jesús Simal Gándara, Medalla Antonio Casares Rodríguez.
  - ✓ Xosé Ramón Nóvoa Rodríguez, Medalla Isidro Parga Pondal.
- Tamén recibiu o premio a investigadores mozos Jesús Balado Frías.
- O profesor Santiago Lago incorporouse como membro electo da Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras.

- Celebráronse as JAI, este ano de xeito virtual.
- Celebrouse unha xuntanza do Campus da Auga, tamén de xeito virtual.
- Negociouse, a instancia dos reitores, a cantidade a percibir dos fondos achegados polo Ministerio para a educación superior. Finalmente á Uvigo tocáronlle no acordo 3,6 millóns de euros.
- No Claustro aprobouse o inicio da creación de novos centros:
  - Facultade de Dirección e Xestión Pública
  - Facultade de Deseño
  - Facultade de Relacións Internacionais
  - Aprobouse tamén a Escola Aberta de Formación Permanente
- Púxose a exposición pública o Plan Estratéxico, que será levado de novo ó Claustro a final de ano.
- Celebráronse as III Xornadas “Olladas a Antigüidade”.
- Visitouse o Edificio Fontán (conselleiro e reitores das tres universidades galegas) no que irán varios centros interuniversitarios, entre eles o CISPAC.
- Celebráronse dúas xuntanzas cos decanos e directores para temas de organización da docencia
- Celebrouse unha xuntanza cos directores de departamento para o mesmo tema.
- Houbo algúns problemas co grao FAGE que está previsto substitúa ó GCLEL.
- Estase a traballar para que se teñan en conta propostas xurdidas da Uvigo no programa Next Generation.
- Presentouse a páxina web da cátedra de feminismos coa Deputación de Pontevedra.
- Celebrouse unha mesa de negociación do PDI.
- Celebráronse xuntanzas para a funcionarización do PAS Laboral (estase negociando, informaremos cando haxa algún acordo).
- Tomaron posesión 4 TU procedentes do programa RyC.
- Tomaron posesión 24 CU.
- En breve tomarán posesión 23 TU.
- Celebrouse o seminario Hispano-Luso de Economía de Empresa, dirixido polo profesor Fraiz.
- Déronse pasos para a creación do Centro Ibérico dedicado á investigación agrícola e alimentaria co Instituto Politécnico de Bragança.

### **3. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que se desculpa polo retraso na tramitación, debido á irrupción da pandemia e expón as principais características do regulamento, que foi axuntado coa documentación, así como as emendas recibidas, que foron as seguintes:

I. Emendas planteadas por Antonio Collazo.

Inclusión de competencias para a Comisión de Transferencia.

(Artigo 19. A Comisión de Transferencia. Capítulo III. Das Comisións Delegadas do C.G.)

*g) Avaliar as axudas relacionadas co Doutoramento Industrial.*

*h) Aprobar os modelos oficiais para a tramitación das actividades de transferencia.*

*i) Fixar o importe mínimo dunha actividade contratada de I+D que implicaría a súa sinatura polo Reitor (recollida no Regulamento de Cursos, Convenios e Contratos).*

Transacción: renomear a Comisión de Investigación e Transferencia fusionando as competencias de ambas e incluíndo as dúas primeiras propostas por Antonio Collazo, dado que a terceira foi informada negativamente pola Asesoría Xurídica.

II. Enmendas planteadas por UXT.

A. Primeira alegación.

Texto do Regulamento: “Artigo 3. Composición: Recoñécese a presenza con voz pero sen voto de catro representantes sindicais, un da forza sindical máis votada entre o PDI funcionario, outro da forza sindical máis votada entre o PDI laboral, outro da forza sindical máis votada entre o PAS funcionario e outro da forza sindical máis votada entre o PAS laboral”.

*Alegación: En todo caso, as forzas sindicais poderán acordar entre elas unha representación diferente a esta. Debe haber representación de todos os sindicatos en comisións con voz pero sen voto. Deben poder asistir de oficio a estas comisións.*

Transacción: engadir: «En todo caso, as forzas sindicais poderán acordar entre elas unha composición diferente a esta. Os representantes sindicais membros do Consello de Goberno poderán asistir ás sesións das comisións delegadas con voz pero sen voto».

B. Segunda alegación.

Texto do Regulamento: “Artigo 5.8º: Así mesmo, a proposta da reitora ou do reitor, ou do propio Consello de Goberno, poderán ser invitadas ás súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectadas polos eventuais acordos a adoptar”.

*Alegación: Todo membro da comunidade universitaria que houbese interposto recurso ante o consello de goberno ou houbese acudido ó mesmo por escrito nalgún outro sentido ten dereito a ser oído no mesmo.*

Transacción: Artigo 5.8º: «Así mesmo, á proposta da Reitoría, ou do propio Consello de Goberno, deberán invitarse ás súas reunións, con voz pero sen voto, a todos aqueles membros da comunidade universitaria interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos eventuais acordos que se adopten».

III. Enmendas planteadas por Francisco J. Rodríguez Martínez (Director da Escola Superior de Enxeñaría Informática).

A. Primeira alegación.

*Informe de comisiones antes de convocatoria.*

*Explicación: sería deseable que los informes de esas comisiones para una sesión del Consello de Goberno se realicen con carácter previo a la convocatoria de la sesión del Consello de Goberno correspondiente (sería modificar el artículo 12.3º incluyendo dicha circunstancia).*

Opinión do secretario xeral: O artigo 12.3º sinala: “Sen prexuízo das funcións específicas de cada unha das comisións, a súa misión consiste en preparar as decisións do Consello de Goberno a través do estudo e informes previos dos asuntos correspondentes aos seus ámbitos de competencias”. Non parece posible aceptala, por razóns organizativas.

B. Segunda alegación.

*Acceso a las acciones ejecutivas realizadas por comisión a cualquier miembro del CG (artículo 12.2º).*

*Explicación: considero importante que calquera membro do CG poida acceder ás decisións executivas tomadas polas comisións delegadas. Tamén vexo importante que os informes inclúan tanto os resultados destes como o seu contido. Considero tamén que sería adecuado que aquelas decisións executivas das comisións delegadas se incorporasen como acordos á acta do seguinte CG no apartado do informe do reitor ou nun apartado propio para darlles transparencia aos ditos acordos (sería modificar o artigo 12).*

Transacción: engadir ao final do artigo 12.3º a expresión «garantíndose unha axeitada publicidade das súas convocatorias, así como dos acordos adoptados nas mesmas».

C. Tercera alegación.

*Informe de la convocatoria de comisiones delegadas y su orden del día a miembros del CG (artigo 14.2º)*

*Explicación: es importante que las convocatorias de las comisiones y los temas a tratar dentro de cada punto (su documentación), sean conocidas por los miembros del CG al mismo tiempo que sus miembros, sobre todo si hubiese temas que desearan transmitir su opinión a los miembros de dichas comisiones (sería modificar dicho artículo 14).*

Opinión do secretario xeral: o texto inicial indica: “a presidencia convocará as sesións das comisións delegadas cando o acorde o Consello de Goberno, por iniciativa propia ou cando o solicite por

escrito un terzo dos membros da comisión, por escrito, polo menos, con corenta e oito horas de antelación ás sesións e debendo celebrarse en días administrativamente hábiles na Universidade de Vigo”. Xa se considerou a publicidade na emenda anterior.

IV. Autoemenda conxunta da Secretaría Xeral e da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado:

Á vista da posible aprobación neste consello de goberno dunha comisión de títulos propios, convén entón retirar do artigo 15 d) a dita competencia, que ata agora estaba delegada na COAP.

O secretario xeral resume o resultado das transaccións:

I. Emendas de Antonio Collazo: nomear a comisión como «de investigación e transferencia», integrando as competencias de ambas as dúas e aceptar dúas das competencias propostas na emenda:

g) Avaliar as axudas relacionadas co Doutoramento industrial.

h) Aprobar os modelos oficiais para a tramitación das actividades de transferencia.

II. Emendas de UXT: engadir ao final do texto proposto para o artigo 3: «En todo caso, as forzas sindicais poderán acordar entre elas unha composición diferente a esta. Os representantes sindicais membros do Consello de Goberno poderán asistir ás sesións das comisións delegadas con voz pero sen voto». Variar no artigo 5.8º a expresión «poderán» por «deberán» invitarse.

III. Emendas de Francisco J. Rodríguez: engadir ao final do artigo 12.3º a expresión «garantindo unha axeitada publicidade das súas convocatorias, así como dos acordos adoptados nestas».

IV. Autoemenda da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e da Secretaría Xeral: retírase o apartado d) do artigo 15.

Xoán Cebro pregunta pola negociación con UXT sobre a emenda proposta. Luis Pérez cre que deberían terse enviado as transaccións. Cre, en relación coa última emenda, que debería retirarse porque non encaixa. A primeira cre que é unha corrección técnica. En canto á representación sindical pensa que é unha alegación feita á composición do Consello de Goberno, aínda que ten varias partes. O reitor aclara que o traballo de transacción segue aberto e se pode modificar. Luis Pérez propón retirar “en todo caso, as forzas sindicais poderán acordar entre elas unha composición diferente a esta”. Concordan Marta Pazos e Xoán Cebro.

Retírase a autoemenda da Secretaría Xeral e da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Modifícase a transacción á segunda alegación de UXT, que quedaría unicamente en engadir “os representantes sindicais membros do Consello de Goberno poderán asistir ás sesións das comisións delegadas con voz pero sen voto”. O resto das transaccións quedan como se indicou.

Apróbase o Regulamento por asentimento, coas emendas propostas segundo as transaccións descritas como se acaba de indicar.



#### **4. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PAS da Universidade de Vigo para o ano 2020.**

O reitor cede a palabra á xerenta, quen indica a normativa aplicable:

- Artigo 70 do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 48 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Artigo 19 da Lei 6/2018 do 3 de xullo, de orzamentos do Estado.
- Artigos 12 e 36 da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Sinala a xerenta asemade os seguintes datos:

Taxa de reposición (100 %): 3 prazas (laborais: 3 prazas) que corresponden a persoal de biblioteca.

Persoal indefinido non fixo (non computan): 1 praza (laborais: 1 praza) correspondente a técnico de bioloxía.

Marcos Estévez alude á praza de bioloxía para indicar que, ao entender do seu sindicato, a mesma debería convocarse por consolidación, pero que a Xerencia non o aceptou, dado que a praza xa saíu así o ano pasado. Quere que conste en acta. A xerenta aclara a situación e as razón que levaron a tomar esa decisión, que depende da normativa interna da Universidade de Vigo, que é diferente, por exemplo, á da Xunta. Poderá incluírse, no entanto, unha mención a este asunto cando se publique no DOG a oferta, pero iso non cambiará o proceso selectivo. Luis Pérez sinala que isto xa foi acordado e que hai un problema para conxugar as decisións xudiciais a este respecto coa taxa de reposición prevista polo Goberno. En todo caso, entende que o debate sobre esta praza xa quedou pechado, e non está de acordo en incluír a mención proposta pola xerenta no DOG. O reitor insiste en que o acordado nas mesas de negociación non se pode modificar. Xoán Cebro concorda con Luis Pérez en que o asunto xa quedou pechado. A xerenta ratifícase na súa postura.

Apróbase por asentimento a OPE de PAS para o ano 2020.

#### **5. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2020.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que detalla os seguintes aspectos, informados positivamente pola COAP:

Número máximo de prazas posibles:

- 32 baixas (8 XF, 12 XV, 1 X-Lab, 1 EV, 2 IP, 1 Fal., 7 TU)
- 34 prazas de titular de universidade: 6 para investigadores/as (15 %)
- 34 prazas de catedrático/a de universidade: baleiran a bolsa

Apróbase por asentimento.



**6. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2019, e da creación de prazas correspondente.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que expón o cadro de áreas ás que corresponden as prazas, que foi informada positivamente pola COAP.

- 1 BIOQUÍMICA E BIOLOXÍA MOLECULAR (060) BIOQ., XENÉTICA E INMUNOLOXÍA (C03) VIGO 302
- 1 DEREITO ADMINISTRATIVO (125) DEREITO PÚBLICO (X03) VIGO 308
- 1 ENXEÑARÍA QUÍMICA (555) ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04) VIGO 312
- 5 ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (560) ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (T13) VIGO 305
- 1 FILOLOXÍA INGLESA (345) FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ (H04) VIGO 301
- 1 FÍSICA DA TERRA (398) FÍSICA APLICADA (T08) OURENSE 101
- 1 FISIOLOXÍA (410) BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE (C01) VIGO 302
- 1 FISIOLOXÍA VEXETAL (412) BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02) VIGO 302
- 1 HISTORIA CONTEMPORÁNEA (450) HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA (H05) VIGO 301
- 1 LITERATURA ESPAÑOLA (583) LITERATURA ESPAÑOLA E TEORÍA DA LITERATURA (H11) VIGO 301
- 1 MÁQUINAS E MOTORES TÉRM. (590) ENX. MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES (T03) VIGO 312
- 1 MATEMÁTICA APLICADA (595) MATEMÁTICA APLICADA I (T16) VIGO 312
- 2 QUÍMICA FÍSICA (755) QUÍMICA FÍSICA (C11) VIGO 311
- 1 QUÍMICA INORGÁNICA (760) QUÍMICA INORGÁNICA (C09) VIGO 311
- 1 QUÍMICA ORGÁNICA (765) QUÍMICA ORGÁNICA (C12) VIGO 311
- 2 -> 1 TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (800) TEORÍA DO SINAL E COMUN. (T14) VIGO 305
- 1 (\*) MATEMÁTICA APLICADA (595) MATEMÁTICA APLICADA I (T16) PONTEV. 203
- 1 DEREITO ROMANO (180) DEREITO PRIVADO (X02) OURENSE 103

Apróbase a selección por asentimento.



**7. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2019, e da creación de prazas correspondente.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que expón o cadro de áreas ás que corresponden as prazas, que foron informadas positivamente pola COAP.

1 COMERCIALIZACIÓN E INVESTIGACIÓN OPERATIVA (95) ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E MÁRKETING (X09) OURENSE 106

1 DEBUXO (185) DEBUXO (H09) PONTEV. 201

1 DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL (140) DEREITO PÚBLICO ESP. (X13) VIGO 308

1 ENXEÑARÍA QUÍMICA (555) ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04) VIGO 311

4 ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (560) ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (T13) VIGO 305

1 FÍSICA DA TERRA (398) FÍSICA APLICADA (T08) OURENSE 101

2 FISIOLOXÍA (410) BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE (C01) VIGO 302

1 HISTORIA DA ARTE (465) HISTORIA, ARTE E XEOGRAFÍA (H05) PONTEV. 201

2 LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS (570) INFORMÁTICA (T15) OURENSE 106

1 ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS (650) ORG. DE EMPRESAS E MÁRKETING (X09) VIGO 303

1 PINTURA (690) PINTURA (H08) PONTEV. 201

1 TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA (785) TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA (T11) VIGO 312

2 TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (800) T. DO SINAL E COMUNICACIÓNS (T14) VIGO 305

1 (\*) LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS (570) INFORMÁTICA (T15) OURENSE 106

Apróbase a selección por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, das medidas sobre condicións de traballo para o PDI no curso 2020/21.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen detalla os dereitos e deberes do PDI a este respecto:

Con carácter xeral, recoñécenselle os mesmos dereitos e deberes ao PDI con independencia de que desenvolva a súa actividade na modalidade presencial ou non presencial.

- Así, a realización de actividades en modalidade non presencial por parte do PDI non suporá ningunha variación da súa xornada laboral nin das súas retribucións.

- O PDI poderá fixar de maneira flexible o seu horario de traballo para cumprir a súa xornada laboral, sempre que cumpra coas súas obrigas docentes e investigadoras. Deberanse respectar, en todo caso, o descanso necesario e o seu dereito á desconexión dixital fóra do dito horario.
- O PDI deberá coñecer e cumprir as medidas de seguridade establecidas para a realización da súa actividade laboral, baixo a súa responsabilidade.
- No caso de que un PDI teña dúbidas sobre se o seu posto de traballo cumpre as medidas sanitarias decretadas, deberá realizarlle a correspondente consulta á dirección ou ao decanato do centro. Nesta indicará as posibles circunstancias persoais que poidan concorrer e solicitará, de ser o caso, as adaptacións necesarias que poderán consistir, no caso de espazos compartidos, no establecemento de quendas para o traballo presencial.
- A universidade elaborará e manterá actualizado un Manual para a docencia e a avaliación non presencial para o curso 2020/2021 no que se delimiten os dereitos e as obrigas do alumnado e do profesorado, especialmente no referente á protección de datos de carácter persoal, aos dereitos de propiedade intelectual e aos dereitos da propia imaxe nos escenarios de docencia e de avaliación non presencial.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado comenta asemade sobre a actividade docente:

Con carácter xeral, a actividade planificada nos horarios docentes do profesorado realizarase de xeito presencial nos centros, tanto para aquelas actividades programadas con alumnado nas aulas como para aquelas que o alumnado siga a distancia.

• Non obstante o indicado no punto anterior, o PDI poderá levar a cabo a súa actividade docente sen asistir aos centros docentes nos seguintes casos:

– Cando o reitor así o decrete por motivos sanitarios.

– Cando, tras a solicitude correspondente da persoa interesada, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado así o autorice.

• Serán en todo caso motivos suficientes para a dita autorización os seguintes:

– A necesidade de manter o confinamento por motivo da covid-19.

– Ter ao seu cargo menores de 14 anos afectados polo peche de centros escolares.

– Ter ao seu cargo maiores dependentes afectados polo peche dos centros de maiores.

– Estar incluído nun grupo vulnerable á covid-19 e dispor do correspondente informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais que recomende non acudir ao centro de traballo co nivel de risco declarado nese momento.

(No caso de que ambos os proxenitores ou responsables da persoa dependente teñan a condición de empregados ou empregadas públicos, non poderán gozar desta medida simultaneamente. Así mesmo deberá acreditarse mediante unha declaración responsable que non hai outra persoa que poida facerse cargo do coidado da persoa menor ou maior).

- A universidade facilitaralle ao profesorado o material de protección e de hixiene necesario para minimizar o risco de contaxio e de propagación da covid-19 durante a súa actividade docente.
- O profesorado incluído nun grupo vulnerable á Covid-19 poderá solicitarlle á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado a adaptación das súas condicións de traballo para evitar riscos. Tras solicitar o preceptivo informe de valoración do Servizo de Prevención de Riscos Laborais procederase, baixo a petición do profesor/a, a adoptar as correspondentes medidas de prevención, de adaptación do posto de traballo ou de protección, en coordinación co centro e co departamento, tal como se vén facendo para calquera outra patoloxía. No caso de que as ditas adaptacións inclúan a necesidade de material adicional de protección para realizar a súa labor docente, este será proporcionado pola universidade en función do nivel de risco declarado en cada momento.
- A labor de titoría do estudantado farase preferentemente en modalidade non presencial e respectando o horario laboral do profesorado.
- No caso de que a universidade decrete o paso obrigatorio á modalidade de impartir docencia desde fóra do centro de traballo, o PDI que acredite necesidades tecnolóxicas para a realización das súas tarefas docentes, deberá comunicarllo á dirección ou ao decanato do seu centro para que a universidade, na medida do posible, arbitre as medidas necesarias para atendela.

Sobre a actividade investigadora e de transferencia, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica:

- As persoas responsables de cada centro e dos laboratorios de investigación determinarán o seu grao de ocupación e os procedementos de traballo correspondentes para asegurar o cumprimento das condicións de seguridade establecidas polas autoridades en cada momento. Deberán informar disto a todo o persoal investigador usuario dese espazo.
- Respecto ao material de protección para a actividade investigadora e de transferencia nos laboratorios, a universidade subministrará o material de protección e hixiene necesario para minimizar o risco de contaxio e de propagación da covid-19. O material de protección correspondente aos riscos propios da actividade no laboratorio deberán seguir adquiríndoo os grupos de investigación.
- Cada investigador/a poderá organizar a súa actividade investigadora e de transferencia, en coordinación co seu grupo, combinando a actividade presencial nos centros coa actividade non presencial, co obxectivo de conseguir un entorno de traballo responsable e seguro.

Sobre a formación do PDI, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado comenta:

- Para cada un dos cuatrimestres do curso 2020/2021 negociarase un calendario de cursos especificamente orientados a mellorar ou a reforzar os coñecementos sobre metodoloxías docentes non presenciais e ferramentas tecnolóxicas para a docencia e a avaliación en liña, que serán voluntarios para o profesorado.
- Para a detección de necesidades formativas do PDI, a universidade realizará unha enquisa entre o profesorado antes do comezo de cada cuatrimestre.
- Ao finalizar cada cuatrimestre, elaborárase un informe sobre as actividades formativas realizadas, que incluírá os resultados de valoración destas por parte das persoas participantes.

- Dentro das disponibilidades orzamentarias, procurarase unha oferta suficiente para cubrir a demanda de prazas por parte do profesorado. Neste sentido, a oferta incluírá algúns cursos de asistencia masiva.
- No caso de que a oferta de prazas dalgún curso non cubra a demanda, terán preferencia para seguilo as persoas preinscritas que teñan docencia no cuadrimestre correspondente e que non asistiran a ningún curso nese período. En todo caso, procurarase a programación de edicións adicionais do curso.
- A universidade fomentará a creación de espazos de aprendizaxe e de colaboración entre o profesorado para súa mellora continua, que incluírán a posta á disposición do PDI de recursos formativos e a creación de espazos para o intercambio de experiencias e de boas prácticas.

María José Ríos Santomé comenta un aspecto relativo aos menores de 14 anos que figura nunha resolución reitoral que na súa opinión pode resultar discriminatoria entre o PDI e o PAS. Luis Pérez explica como foi o desenvolvemento da negociación e cre que non debeu permitirse tal discriminación. O reitor pensa que en futuras negociacións haberá que prestar atención a este asunto, se volvera a xurdir.

Apróbanse, por asentimento, as medidas sobre condicións de traballo para o PDI no curso 2020/21.

## **9. Aprobación, se procede, da normativa de titorías.**

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen comenta que, actualmente, non existe normativa na UVigo neste eido, mentres que na maioría das universidades si existe.

- Obxectivo: O fundamental é normalizar a situación actual.
- Trátase de adaptar á realidade unha normativa de 1985.
  - Regular aspectos que non o estaban.
  - Responder a dúbidas frecuentes.
  - «Garantir» o dereito ás titorías do alumnado.
- Segundo o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado non fomos orixinais:
  - Baseámonos na normativa existente noutras universidades.
  - Principalmente, a UPV.

Sinala, a continuación, os aspectos fundamentais.

Período e dedicación a titorías:

- Modalidades
  - Horario fixo

- Concertadas
- Mixtas
- Realización das titorías
- Delimitar as responsabilidades
- Titorías intercampus
- Xestión e publicidade das titorías
- Estudantado con necesidades especiais
- Incorporación de figuras de investigación.

Non se regulan:

- As sancións
- As titorías virtuais
- Acompañamento de ferramentas de xestión necesarias

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado recoñece a labor de Alfonso Lago, director de área de Grao, que foi o artífice da dita normativa.

Apróbase por asentimento a normativa de titorías.

#### **10. Aprobación, se procede, do recoñecemento docente de subdirectores de centros e de agrupacións.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen sinala que, como mostra do apoio da Universidade de Vigo aos centros e ás agrupacións, a proposta é recoñecelas cunha valoración equivalente á unha secretaria de departamento (desgravación docente e compensación económica).

Apróbanse, por asentimento, os recoñecementos docentes.

#### **11. Aprobación, se procede, da creación da comisión de estudos propios.**

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen sinala as funcións básicas da comisión.

- Revisar e aprobar as solicitudes de títulos propios, do Programa de formación e innovación educativa e, en xeral, de calquera outra ensinanza propia vinculada á Universidade de Vigo.
- Solicitar informes externos sobre a proposta ou o desenvolvemento dun título propio.

- Revisar e informar os convenios de colaboración ou os acordos relacionados cos títulos propios.
- Establecer o calendario académico dos títulos propios.
- Propor os prezos mínimo e máximo por ECTS nos títulos propios.
- Propor o custo por hora do profesorado e do persoal de apoio nos títulos propios.
- Aprobar as reedicións dos títulos propios.
- Aprobar as solicitudes de cambios sobrevidos nas propostas dos títulos propios.
- Verificar o cumprimento da normativa no desenvolvemento dos títulos propios.
- Supervisar a calidade dos títulos propios.
- Aprobar os informes finais dos títulos propios.
- Aprobar as extincións dos títulos propios.
- Xestionar as queixas, as suxestións ou as reclamacións relacionadas coas ensinanzas propias.

Así mesmo, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala a composición, que será a seguinte:

- O director ou directora da EAFP (presidencia)
- O secretario ou secretaria da EAFP (secretaría)
- O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en organización académica ou a persoa en quen delegue.
- O xefe ou xefa de Servizo de Posgrao ou a persoa en quen delegue.
- A persoa responsable do programa universitario orientado á formación de persoas maiores.
- A persoa responsable do programa de formación e innovación educativa.
- 2 membros do PDI por cada un dos ámbitos de coñecemento.
- 3 estudantes.
- 1 membro do PAS.

Procurarase a representación de todos os campus.

María José Ríos pregunta sobre o procedemento a seguir para cubrir a composición da Comisión e o reitor o aclara. Abrirase un prazo de presentación de candidaturas e se aprobarán no vindeiro Consello de Goberno. Susana Reboreda pregunta no chat se é unha Comisión delegada do Consello de Goberno e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado resposta: “si, porque o Consello de Goberno elixe aos membros e delegaralle ás funcións”.

Apróbase, por asentimento, a creación da comisión de estudos propios.

**12. Aprobación, se procede, da convocatoria do programa de captación de talento investigador de excelencia para a contratación a tempo parcial dun director/a científico/a para a creación dun centro ibérico alimentario.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen fai unha presentación sobre o Laboratorio Ibérico Alimentario. Indica que o obxectivo é ampliar e potenciar a actividade investigadora de excelencia, a internacionalización e a cooperación con outros centros internacionais de investigación de elevado prestixio apoiando a incorporación a tempo parcial de persoal investigador doutor a través da modalidade de contratación de investigadores e investigadoras distinguidos co obxectivo de crear un centro internacional de referencia no ámbito agroalimentario, ámbito no que na actualidade a Universidade de Vigo se atopa entre as 75 mellores do mundo no ránking de Shangai.

Expón os retos e as liñas básicas do programa, cuxas características básicas son:

- O programa ofrece un contrato de dous anos de duración, na modalidade de investigador/a distinguido prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- O réxime de dedicación do contrato será a tempo parcial e poderá variar entre un máximo de 20 horas semanais e un mínimo de 4 horas semanais.

En canto aos requisitos:

- Ter o título de doutor/a ou equivalente no ámbito de interese estratéxico do Centro Ibérico Agroalimentario.
- Ter un mínimo de 10 anos de experiencia posdoutoral de carácter internacional nun centro de coñecemento de fóra de España.

Polo que se refire ás solicitudes:

- Formulario de solicitude cunha listaxe dos cinco méritos máis relevantes.
- Currículo da persoa candidata (máximo 15 páxinas).
- Unha memoria das actuacións que se pretenden desenvolver na Universidade de Vigo (máximo 2000 palabras)
- Dúas cartas de referencia.

En canto aos criterios de valoración:

- Estar incluídos na derradeira lista de investigadores e investigadoras altamente citados publicada por Thomson Reuters na categoría científica do ámbito agroalimentario (<https://recognition.webofscience.com/awards/highlycited/2019/>). (50 %).
- Ser autor/a ou coautor/a de artigos publicados en revistas de alto índice de impacto relacionados coas liñas de investigación do ámbito agroalimentario (30 %).

- Ter sido coordinador/a ou investigador/a principal de proxectos internacionais obtidos en convocatorias competitivas de financiamento de interese estratéxico para o ámbito agroalimentario da Universidade de Vigo (10 %).
- Ter formado parte de comités técnicos, grupos de consulta ou estruturas similares internacionais, relacionados coas liñas de actuación principais do ámbito agroalimentario (10 %).

Conclúe a exposición cunhas indicacións sobre a avaliación.

Emilio Fernández comenta que a convocatoria é practicamente idéntica a unha debatida no CG respecto da CINTEX e coa que xa foi crítico, como o segue a ser, non en canto a idea de colaboración transfronteriza, pero si en canto aos instrumentos empregados. Pensa que debe haber unha persoa da Universidade de Vigo capaz de dirixir este centro e que, de ser así, debería ser a tempo completo, non a tempo parcial, como indica a convocatoria. Pensa que a captación do director do CINTEX non foi un éxito, xa que o abandonou no primeiro ano. Propón que se nomee para a dirección a unha persoa da Universidade en principio.

A vicerreitora explica por que entende que o director do CINTEX foi un éxito, dado que nun ano impulsou o traballo dos grupos, e agora xa temos unha directora á fronte, da Universidade de Vigo, grazas a intervención de José Luis Lastra, aínda que fora a tempo parcial. Non é doado captar xente de altísimo nivel disposta a quedarse na nosa Universidade a tempo completo para sempre. Cre que este modelo se pode repetir no CITACA. O reitor reforza a postura da vicerreitora aludindo as posibilidades dos agrupamentos ECOBAS e CITACA, ademais do CINTEX, que deberían ter mais pulo, dado que son fortalezas da nosa Universidade. Trátase de atraer a un director/a científico/a en todos os casos. Defende que a figura sexa a tempo parcial de momento, aínda que non descarta a posibilidade de tempo completo no futuro. Emilio Fernández indica que non é necesaria a votación neste punto, pero reitera as súas críticas e pide que consten en acta. Non critica a valía do candidato proposto, pero está en desacordo co procedemento que se está a seguir, por segunda ocasión.

Apróbase por asentimento a convocatoria.

### **13. Aprobación, se procede, do nomeamento de D. Francisco José Barba Orellana como investigador honorífico da Universidade de Vigo.**

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, que sinala o seguinte:

Segundo o Regulamento de investigador honorífico aprobado en Consello Goberno, poderán acceder á condición de investigador ou investigadora honorífico aqueles profesionais que desempeñen a súa actividade principal fóra da Universidade de Vigo e que colaboren con esta para a realización de actividades ocasionais de investigación, así como a impartición de conferencias e de cursos que complementen as ensinanzas universitarias. En ningún caso o desempeño da actividade propia do investigador ou investigadora honorífico computará como actividade docente normalizada pola Lei orgánica de universidades. En todo caso, a condición de investigador ou investigadora honorífico será incompatible con calquera vinculación laboral o contractual coa Universidade de Vigo.





En canto ao profesor Barba Orellana, destaca os seguintes datos:

- Profesor titular da Universitat de Valencia.
- 330 publicacións en Scopus, H=51
- HCR en 2019 e 2020.
- Participación en proxectos internacionais e en publicacións con investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo.
- Colaboración coa Vicerreitoría de Investigación na revisión de currículos en diversas convocatorias.
- Foi aprobado o nomeamento na Comisión de Investigación do 6/10/2020.

Emilio Fernández indica que falta a motivación na documentación aportada e pregunta por que se fai isto, así como se a vía está aberta a toda a comunidade. Belén Rubio indica que a medida está aberta a toda a Universidade e que non ten custo. É unha figura habitual noutras Universidades. Trátase de potenciar a colaboración de grandes investigadores con investigadores da Universidade de Vigo. Emilio Fernández pregunta se o beneficio é que esta persoa firmará con dobre filiación, ou que tamén está aberto para os investigadores da UVigo, e pregunta se a Universidade o facilitará. A vicerreitora indica que xa hai varios casos a este respecto e que é unha política favorable.

Apróbase por asentimento o nomeamento.

#### **14. Aprobación, se procede, do regulamento das certificacións académicas da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que se trata dunha regulación inexistente ata agora.

- Determinados aspectos (taxas, sinatura,...) estaban dispersos en normas varias.
- Necesario para a emisión electrónica (Sede electrónica e secretaría virtual).
- Elaborado polos servizos de Grao e de Posgrao.
- Colaboración dalgunhas áreas académicas de centros.
- Certificación académica:
  - Documento oficial acreditativo das ensinanzas seguidas: créditos cursados, recoñecidos, transferidos e superados para a obtención de títulos.
  - Tipos.
  - Contido.
  - Idiomas de emisión.



- Prezos públicos.
- Sistemas de cualificacións.
- Procedementos de solicitude.

Marta Pazos, sobre a mención de matrícula de honra, indica que haberá menos segundo está redactado e pide que o 5% sexa á alza e non á baixa. Pide unha redacción alternativa. Iñigo Cuiñas propón unha matrícula de honra por cada vinte alumnos ou fracción. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que se estudará e, se non hai problema, se fará a modificación. María José Ríos pregunta polo idioma de emisión e se vai haber un modelo normalizado para toda a Universidade. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que a expedición quedará no idioma que o alumnado elixa e terá en conta o modelo normalizado.

Apróbase por asentimento o regulamento das certificacións.

#### **15. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da E.U. de Estudos Empresariais.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen aclara o seguinte:

O artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que é competencia da xunta de centro “elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno....”.

O artigo 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que lle corresponde ao Consello de goberno “aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro”.

Tendo en conta que o regulamento foi aprobado pola Xunta de Centro da escola e que o informe da Asesoría Xurídica é favorable, se somete á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase o regulamento por asentimento.

#### **16. Aprobación, se procede, do III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2020-2024.**

O reitor cede a palabra a Águeda Gómez Suárez, directora da Área de Igualdade, quen procede a expoñer as liñas básicas do plan.

A Lei orgánica 3/2007, de igualdade efectiva de mulleres e homes, presenta os plans de igualdade como a ferramenta arredor da cal sistematizar medidas dirixidas, por unha banda, a evitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo e, por outra, a establecer accións coas que promover a igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes.

En canto á diagnose previa:

1. Avaliación do grado de cumprimento do II Plan de Igualdade (2019-2020).
2. Estudo cualitativo sobre as necesidades de conciliación de toda a comunidade universitaria (2019).

3. Estudo cualitativo e cuantitativo sobre a percepción e valoración das políticas de igualdade entre a comunidade universitaria (2020).

4. Análise das estatísticas oficiais da universidade desde a perspectiva de xénero. Observatorio de Igualdade.

Como resultados da diagnose:

- O 50,6 % do II Plan de igualdade de mulleres e homes da Universidade de Vigo (2014-2019) realizouse ou está en proceso de realización.
- A falta de persoal na Unidade de Igualdade dificultou alcanzar un grao máis alto de execución do plan.
- Mantense a percepción de que a universidade é un espazo máis igualitario ca o resto da sociedade.
- A Unidade de Igualdade e as súas actividades é un órgano apenas coñecido entre o alumnado e certa parte do PAS, polo que se deben reforzar as cuestións da comunicación e da difusión.
- Entre o PDI e o PAS hai unha serie de necesidades de conciliación no seu espazo de traballo referido a servizos concretos, flexibilidade dos horarios, criterios de prioridade etc., que se debe resolver.
- A formación en igualdade de xénero é una demanda importante para a comunidade universitaria en xeral, e entre o alumnado, en particular.
- A sensibilización da comunidade universitaria en cuestión de xénero incrementouse, como demostra a demanda dos puntos lilas nas festas universitaria.

En canto ao proceso de elaboración do plan: No ano 2020, a Comisión de Igualdade, nas sesións do 05 de febreiro e 01 de abril de 2020, acordou o borrador do III Plan de igualdade. Presentouse ás persoas enlaces de igualdade para recibir a súas suxerencias e opinións (dúas veces). Presentouse á comunidade universitaria para un período de alegacións e de observacións (un mes). Presentarase para a probación no Consello de Goberno do 20/11/2020 o III Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2020-2024). Os eixos son os seguintes:

**Eixo 1.** Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar.

**Eixo 2.** Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais organizativas da universidade.

**Eixo 3.** Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero.

**Eixo 4.** Traballar e estudar na universidade en igualdade.

Os obxectivos do plan son os seguintes:

**1.1.** Visibilizar e sensibilizar sobre as desigualdades existentes baseadas no xénero, e as causas que as provocan, para implicar toda a comunidade universitaria na consecución dun contorno máis xusto.



- 1.2.** Impulsar o compromiso dos centros universitarios coa igualdade de xénero.
- 1.3.** Fomentar a participación das mulleres nos espazos públicos e nas tomas de decisión.
- 1.4.** Velar para que exista un equilibrio representativo entre os sexos en todos os niveis do cadro de persoal, incluídos os niveis de supervisión e dirección no ámbito da investigación.
- 2.1.** Fortalecer o compromiso da institución coa igualdade de xénero.
- 2.2.** Integrar e transversalizar a perspectiva de xénero na gobernanza, estruturas e funcionamento universitario.
- 2.3.** Comunicar con perspectiva de xénero e transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada.
- 2.4.** Promover a protección social da Universidade de Vigo con perspectiva de xénero.
- 3.1.** Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na docencia.
- 3.2.** Fomentar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.
- 3.3.** Impulsar a investigación con perspectiva de xénero e a súa transferencia á sociedade.
- 3.4.** Impulsar a presenza de mulleres na investigación e visibilizar e recoñecer as achegas das mulleres na xeración de coñecemento.
- 4.1.** Favorecer a conciliación e corresponsabilidade da vida profesional, familiar e persoal
- 4.2.** Detectar, resolver e previr o acoso sexual e por razón de sexo, e a violencia de xénero no ámbito da universidade.
- 4.3.** Promover a implicación dos homes na constitución dunha sociedade máis igualitaria.
- 4.4.** Favorecer a incorporación dos estándares do selo HRS4R da Comisión Europea.

As accións do Eixo 1 son as seguintes:

- 1.1.1.** Celebrar os días especiais (11F, 8M, 25N) con campañas de sensibilización.
- 1.1.2.** Visibilizar as desigualdades de xénero na universidade, desagregar os datos estatísticos oficiais da UVigo por sexo e desenvolver unha análise de datos oficiais desde a perspectiva de xénero desde o Observatorio de Igualdade.
- 1.2.1.** Crear un distintivo de igualdade para promover a igualdade de xénero en todos os centros, facultades e escolas.
- 1.2.2.** Impulsar as actividades docentes e de sensibilización con perspectiva de xénero nos centros.
- 1.3.1.** Promover a presenza paritaria de homes e mulleres nos congresos, comités e outros espazos e actividades universitarias.

**1.3.2.** Garantir a paridade nos órganos unipersoais, órganos colectivos, espazos de poder e consultivos, e nas candidaturas electorais.

**1.4.1.** Manter a actual existencia dun equilibrio representativo entre os sexos nas xefaturas de servizo.

**1.4.2.** Favorecer a existencia dun equilibrio paritario por sexo nos niveis de supervisión e dirección no ámbito da investigación.

As accións do Eixo II son as seguintes:

**2.1.1.** Visibilizar e reforzar a figura da enlace de igualdade para velar polo cumprimento dos compromisos de igualdade e propor novas actividades e políticas de xénero en cada centro.

**2.1.2.** Reforzar con recursos humanos e económicos a Unidade de Igualdade.

**2.2.1.** Favorecer o deseño de orzamentos con perspectiva de xénero.

**2.2.2.** Integrar a perspectiva de xénero na responsabilidade social, prevención e riscos laborais, calidade, cooperación e asesoría legal, entre outros.

**2.3.1.** Garantir unha comunicación institucional inclusiva (web, redes sociais, papelame etc.) na universidade.

**2.3.2.** Utilizar a linguaxe inclusiva e non sexista nas comunicacións institucionais e adaptar a unha linguaxe non sexista a sinalética correspondente á nomenclatura das facultades, escolas, centros, servizos, unidades e estruturas da Universidade de Vigo.

**2.4.1.** Favorecer a inclusión da perspectiva de xénero nos criterios de selección das axudas de acción social.

As accións do Eixo III son:

**3.1.1.** Elaborar cursos de formación en liña de xénero para formar toda a comunidade universitaria.

**3.1.2.** Deseñar un mestrado propio de formación en xénero e recurso docentes con perspectiva de xénero para a comunidade docente.

**3.1.3.** Impulsar a elaboración de material docente con perspectiva de xénero.

**3.2.1.** Considerar como mérito adicional a inclusión da perspectiva de xénero nas accións de investigacións financiadas pola Universidade de Vigo.

**3.2.2.** Promover e ampliar a oferta de formación para impulsar a inclusión da perspectiva de xénero na investigación.

**3.2.3.** Impulsar a realización de avaliacións cegas das convocatorias propias de bolsas, estadías e proxectos de investigación da Universidade de Vigo.

**3.2.4.** Favorecer unha liña de publicación propia sobre estudos e investigación con perspectiva de xénero.

**3.3.1.** Promover a investigación no marco dos estudos de xénero.

**3.3.2.** Procurar a ampliación dos premios Exeria para teses de doutoramento con perspectiva de xénero.

**3.4.1.** Impulsar o liderado e a presenza de mulleres investigadoras principais na investigación, xunto coa formación de grupos de investigación paritarios.

**3.4.2.** Promover a presenza equilibrada de homes e mulleres na comisión de investigación, xunto coa presenza de expertas en xénero.

**3.4.3.** Crear unha normativa para garantir o equilibrio de xénero na selección das persoas futuras *honoris causa*.

**3.4.4.** Favorecer a coordinación dunha normativa común a toda a Universidade de Vigo de citas bibliográficas tipo Chicago, co fin de darlle visibilidade á autoría das mulleres.

As accións do Eixo IV son:

**4.1.1.** Favorecer a organización das actividades profesionais e académicas para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, familiar e profesional.

**4.1.2.** Promover a implementación dun programa de ludoteca ocasional para eventos concretos destinado a fillas e fillos do PDI, PAS e estudantado da universidade.

**4.1.3.** Valorar a viabilidade de fórmulas destinadas a favorecer o coidado de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, máis alá dos permisos de hospitalización.

**4.1.4.** Realizar unha campaña específica entre o PDI, PAS e alumnado que informe sobre a importancia da sostibilidade da vida e da economía de coidados como unha responsabilidade de todos e todas.

**4.2.1** Crear unha rede de profesorado, persoal de administración e servizos e alumnado para apoiar as persoas vítimas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero, e difundir os protocolos de actuación nestes casos.

**4.2.2.** Diseñar campañas multilingües contra o acoso sexual, razón de sexo e violencia de xénero para difundir nas festas estudantís e entre o alumnado de intercambio entrante.

**4.3.1.** Efectuar campañas de sensibilización dirixidas ao colectivo de homes, visibilizando os beneficios que mulleres e homes obtemos coa igualdade.

**4.3.2.** Desenvolver campañas de sensibilización con referentes sociais masculinos que respondan a modelos igualitarios de masculinidade.

**4.4.1** Promover, na medida do posible, a inclusión de medidas de acción positiva nos criterios de promoción profesional da universidade, sempre respectando os criterios de calidade e competencia.

**4.4.2.** Favorecer o uso de medios telemáticos para accións formativas ou reunións que faciliten a conciliación e a corresponsabilidade da vida familiar, persoal e profesional, procurando que isto non supoña un prexuízo para as traballadoras derivado da actual fenda de coidados.

Conclúe que O Plan de Igualdade debe ser un elemento vivo, polo que pode incorporar modificacións en función das necesidades detectadas.

O reitor agradece a Águeda Gómez o seu traballo, así como a Marián, da Unidade de Formación. Tamén agradece as achegas da comunidade universitaria. Entende que todavíaínda hai datos preocupantes que plantean retos (como, por exemplo, o equilibrio entre catedráticos e catedráticas e a fenda de xénero no teletraballo, que afecta, por exemplo, á produción científica do PDI). Entende que a igualdade real aínda non chegou.

Apróbase o plan por asentimento.

#### **17. Ratificación, se procede, da proposta de María Leonor Parceró López como vogal da Comisión de Publicacións polo sector de estudantes.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen sinala que había unha vacante na Comisión de Publicacións e que María Leonor Parceró López foi proposta polo sector do alumnado para ocupala.

Ratifícase o nomeamento.

#### **18. Elección dos seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno: Organización Académica e Profesorado (2 estudantes); Planificación e Asuntos Económicos (1 PDI e 2 estudantes); Investigación (2 estudantes); e Extensión Universitaria e Estudantes (2 estudantes).**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

Comisión Organización Académica e Profesorado:

- Raquel González López
- Aroa Vázquez Alonso

Planificación e Asuntos Económicos:

Estudantes:

- Alfonso Castro Rodríguez
- Antonio Manuel Ramos Vázquez

Persoal docente e investigador:

- Francisco Javier Rodríguez Martínez

Investigación:

- Luís Saúl Cid Vera
- Daniel Couto Cancela

Extensión Universitaria e Estudantes

- Manuel Diz Folgar
- Paula Gil Hidalgo

Dado que hai o mesmo número de candidaturas que postos a cubrir non é necesario celebrar eleccións.

**19. Elección dos representantes de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 representante.**

Non se presentaron candidaturas.

**20. Elección dos representantes de estudantes no Consello Social: 1 representante.**

Presentouse a seguinte candidatura:

- Daniel Couto Cancela.

Non é preciso celebrar eleccións.

**21. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

Non se presentaron candidaturas.

**22. Quenda de intervencións.**

Iñigo Cuiñas comenta dúas cousas. Sobre as axendas repartidas entre o alumnado, as repartidas na súa Escola teñen publicidade de másteres da USC, e non da Universidade de Vigo. Pensa que debe facerse chegar ao Consello Social esta situación. En segundo lugar, comenta preocupacións do alumnado da Escola, como as aglomeracións en autobuses no Campus de Vigo. Pregunta sobre as limitacións sobre uso compartido de vehículos privados en caso de non convivistes, que non están claras. Finalmente pregunta sobre o servizo de reprografía, que quedou moi restrinxido. O reitor comenta que non sucederá de novo coas axendas, e que non foi responsabilidade do Consello Social. O problema foi a falta de entendemento pola financiación, que correu a cargo da empresa. Está moi agradecido á aportación do Consello Social. Ernesto Pedrosa agradece a pregunta de Iñigo Cuiñas por sacar o asunto. É unha subvención xa tradicional do Consello Social dende fai anos. Por primeira vez este ano se fixo en conxunto coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais e se deixou en mans de técnicos, de aí o resultado, que pensa debe mellorarse de cara ao futuro. Pensa que non debe volver pasar pero que no Consello Social se viron sen outra solución posible. Deixa claro que se debe retomar o asunto do formato. Susana Reboreda pregunta se hai previsión de que cheguen as axendas a Ourense. O reitor responde que chegarán libretas - non axendas- a Ourense. As delegacións de estudantes están ao tanto. O reitor indica que as queixas sobre transporte se fagan chegar a través do CEUVI á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, cuxo vicerreitor indica que Vitrassa está a cumprir a normativa e da os datos de ocupación. O asunto é complexo dadas as implicacións económicas. O reitor aproveita para indicar que finalmente se recibiu comunicación da Consellería de Sanidade permitindo o acceso aos



comedores universitarios de toda a comunidade universitaria. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que non está claro o asunto de compartir vehículo, dadas as condicións actuais. O problema coa reprografía ten que ver coas perdas que están a sufrir as empresas concesionarias, aínda que estase a conversar sobre este asunto.

Luis Saúl Cid Vera pregunta polas persoas que deron positivo en COVID e a desinformación a este respecto. O reitor indica que se fixo unha campaña propia mediante PCR do persoal da Universidade e o resultado foi de 0 casos positivos, aínda que había algún caso previo. Despois fixéronse as probas enviadas pola Xunta, que ás veces deron como resultado un número elevado de casos, pero que non foron confirmados polos PCR que se fixeron despois. Temos contratadas unhas 200 probas semanais que se están a facer nos sitios onde hai casos positivos, que se seguen nun comité técnico que asesora ao reitor na toma de decisións. Ata agora non se produciu contaxio ningún na Universidade. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que a porcentaxe de resposta do alumnado en pooling é moi baixo e que hai moi poucos brotes, sendo o maior pico activo 41 persoas en 10 días. Agradece ós delegados COVID o traballo que están a facer. María José Ríos Santomé indica que está no comité asesor, que se reúne mínimo unha vez a semana e sempre que faga falta. Luis Saúl Cid indica que no Campus de Ourense hai aulas que non teñen código QR. O vicerreitor de Planificación indica que se remitiron 47000 Códigos QR cuxa xestión está en mans dos decanatos. Alfonso Castro fai dous comentarios. Sobre a normativa de titorías entende que hai casos puntuais onde o profesorado non cumpre e quere que se tomen en serio e que haxa un control real. Gustaríalle saber sobre o futuro da normativa sobre docencia virtual. Pregunta asemade sobre os paros de Vitrasa que se veñen anunciando. En relación coa normativa, Manuel Ramos explica como se xestionan os incumprimentos de titorías. A docencia virtual está sobre a mesa tamén da CRUE, onde se esta a traballar en aspectos como a posible acreditación do profesorado para impartila a través de certa formación e pensa que haberá que ir acompasado con certos avances. O vicerreitor de Planificación aclara o asunto de Vitrasa.

Pedro Carro comenta no chat que “a alternativa a superar o aforo e deixar xente en terra, realmente iso é o que fai a presencialidade, mais que o risco de contaxio, a degradación da calidade de tantos servizos”. O reitor responde “Penso que moi maioritariamente, si ben sería bo insistir no seu uso, non vaia a ser que deixemos de facelo”. Pedro Carro contesta: “o compromiso da empresa era poñer mais autobuses en canto se superase o aforo. Entendo que hai un inspector nas lanzadeiras. Aínda que se comprometan segue estando o factor económico ao que se poden acoller, como se comentou que pasa coa empresa de copistería, como pasa coas cafeterías. Comprendemos que se pase mal, o que no comprendemos e que se force á presencialidade pese á situación dos servizos”. Paula Gil Hidalgo comenta o problema da comunicación respecto da convocatoria do claustro, dado que houbo un certo desfase, e a presentación de candidaturas e pide que os prazos sexan máis amplos. Pedro Carro comenta no chat: “no meu caso xa non é que cheguen de forma asíncrona, senón que só me chegou un correo o domingo ás 20:00, que era doctas, sen convocatoria e sen chegarme o contrasinal desta sala”. María José Ríos sinala que “Digo eu, unha posible alternativa, posto que para acceder á documentación hai que ir á Secretaría Virtual que xa se poña nesta documentación o enlace e a clave”. Pedro Carro responde que “o problema é que non se introduciu o meu contacto na lista de distribución do consello de goberno”. O reitor o estudará.

Aroa Vázquez comenta o problema do Grao de ciencias da linguaxe e estudos literarios no acceso ás bolsas de lectorado convocadas recentemente, que remata o 3 de decembro. O problema é que o grao vai desaparecer. Pide a mediación da Universidade coa Xunta. O reitor dálle a razón e indica que xa falou este tema coa anterior conselleira. Volverá a tratalo co novo equipo da Consellería.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:33 h. do día 20 de novembro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral